

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE SEGURIDADE DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DE TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA)

I

DISPOSICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO DO CONTRATO (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG)

O obxecto do contrato é a realización do servizo de vixilancia da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual e que forman parte deste documento.

O devandito obxecto corresponde ao código 79713000-5 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (arts. 40.1 e 291 LCSP, 4 RG)

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome de TUSSA é o seu Consello de Administración.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- O contrato é de natureza civil como corresponde ao carácter dos contratantes, suxeitos ao dereito privado.

3.2.- A pesar do carácter civil dos contratantes, aplicarase a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, tal e como establece o seu artigo 3, modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto, por tratarse dunha sociedade mercantil participada directamente polo Concello de Santiago.

3.3.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter privado, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 20 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto, quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que o substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.4.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos ante os xulgados civís de Santiago de Compostela, por tratarse dun contrato privado tal e como establece a Lei 30/2007.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR (art 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

4.1.- Poderán contratar con TUSSA as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así coma o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 13.3.3 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 45.1 LCSP)

4.4.- Os que contraten con TUSSA, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo secretario ou vicesecretario do Consello de Administración, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES (art 54, disp. transit. 5ª LCSP)

Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión de ningunha clasificación empresarial, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica polos medios establecidos na cláusula 4.2 do presente prego.

6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (arts. 76 e 278 LCSP)

6.1.- O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE, que deberá soportar TUSSA, fíxase en 94.000 €, para a totalidade do contrato.

O IVE correspondente (18% do orzamento base anterior) ascende a 16.920 €.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (art. 26.1.k LCSP e 67.2.d RG)

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo ao orzamento aprobado polo Consello de Administración de 20 de decembro de 2010.

8. REVISIÓN DE PREZOS (arts 77 e ss. LCSP).

O prezo da presente contratación poderá revisarse de acordo co índice de prezos ao consumo no período correspondente sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado. (art. 78.3. LCSP)

A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, unha vez transcorrido un ano desde a súa adxudicación, data que se tomará como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 79.3 da LCSP.

O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio (art.82 LCSP), mediante o abono ou desconto correspondente nos pagos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non poidan incluírse en devanditos pagos parciais.

9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN (arts. 23, 197 e 279 LCSP)

9.1.- O contrato terá unha duración de DOUS ANOS, a contar desde o día que se estipule no contrato.

II

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 93.4, 134, 141 e 144 LCSP)

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 LCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar TUSSA ascende a 94.000 €.

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, ao licitador que presente a oferta de prezo máis baixo, dado que polas características dos servizos a realizar este é o único criterio determinante da adxudicación.

11.- GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co establecido no artigo 91 da LCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN (art. 129.1 LCSP e art.80 RG)

12.1.- As proposicións presentaranse nas oficinas de TUSSA (praza de Camilo Díaz Baliño, s/n- estación de autobuses, CP 15704 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-57.43.24), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas de TUSSA.

12.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN (arts. 61, 129 e 130 LCSP e art. 80 RG)

13.1.- As proposicións constarán de DOUS sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente "SERVIZO DE SEGURIDADE DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números

de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa sinatura do licitador ou persoa que o represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

13.2.- SOBRE Nº 1 Subtitulado: Documentación Xeral

O seu contido será o seguinte:

13.2.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Si se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 44 LCSP)

13.2.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de poderamento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

13.2.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

13.2.2.- Certificado da clasificación de ser requirida segundo o disposto na cláusula 5 do presente prego, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou no seu caso, polo

Organismo comunitario correspondente (art. 73 LCSP). Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo non obstante xustificar posteriormente obter a clasificación esixida no prazo de subsanación de defectos ou omisións na documentación a que se refire a cláusula 15 do presente prego.

O certificado de clasificación deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos de clasificación non tiveron variación. (art. 130.3 LCSP)

Non obstante o establecido no apartado anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos requisitos establecidos na cláusula 4.2. do presente prego.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión obtiveron clasificación como empresa contratista de servizo. En tal caso, acumularanse as clasificacións individuais dos membros da UTE., a efectos de poder acreditar a clasificación global esixida no presente prego.

Se concorren unións de empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acreditar a súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De non requirirse clasificación, os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

13.2.3.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 62 e 130.1.c) LCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

13.2.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de

contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 130.3 LCSP)

13.2.6.- Certificado de estar inscritas no Rexistro de empresas de seguridade do Ministerio do Interior.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

13.3.- SOBRE Nº 2: Proposición económica

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo (I) do presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

A oferta económica completarase cun estudo de custos do servizo que garanta a viabilidade económica da proposta e o cumprimento das disposicións dos convenios colectivos de aplicación. A falta deste estudo ou a falta de viabilidade económica do servizo, de ser o caso, serán motivos de exclusión da licitación.

Se algún licitador non achega a documentación relativa ao criterio ao que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición do devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate, salvo no caso do criterio de adxudicación 1 “proposta económica” que será excluído.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

13.3.1.- Os licitadores haberán presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato.

13.3.2.- O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

13.3.3.- Os licitadores **deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais** que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

14.- MESA DE CONTRATACIÓN (art. 295 LCSP e art. 79 RG)

A Mesa de Contratación estará integrada por:

Presidente: o presidente do Consello de Administración ou o vicepresidente por delegación.

Vocais:

Un representante de cada grupo político municipal representado no Consello de Administración.
O director xerente.

A interventora municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.

Actuará como secretario o vicesecretario do Consello de Administración ou, de ser o caso, o secretario deste órgano.

Aos efectos de axilidade no procedemento, as xuntanzas da mesa de contratación serán convocadas aos seus membros vía fax ou correo electrónico.

15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL (arts. 71 LCSP e 22, 81 e 82 RG)

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1.- A Mesa de Contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE Nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos,

ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do SOBRE Nº 2 dos licitadores admitidos contendo a oferta económica.

A apertura deste SOBRE Nº 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do SOBRE Nº 1 e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de 3 días hábiles á súa celebración.

Concluída a apertura das proposicións, o presidente da Mesa invitará de novo aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento se deixará constancia na acta da xuntanza da Mesa.

16.2.- A Mesa de Contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas xuntanzas e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte a TUSSA. (art. 144.2 LCSP).

17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

17.1.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.2.- A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente directamente en TUSSA.

17.3.- Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. A alta deberá aportarse

en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, deberá de acreditalo mediante declaración responsable.

A acreditación de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela realizarase presentando certificación, expedida polo propio ente municipal, xustificativa de tal circunstancia.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, deberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado deberá de referirse aos doce últimos meses.

18.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran no prego.

A adjudicación será motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ao adjudicatario do contrato sexa o do prezo, a adjudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adjudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adjudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 145.2 LCSP)

III

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO (art. 140 LCSP)

